

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA A
CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A
CELEBRACIÓN DUN ENCONTRO CON MOTIVO DO 35 ANIVERSARIO DA
ORGANIZACIÓN**

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Pola outra, D. Anxo Antón Queiruga Vila, actuando en nome e representación da **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, CIF G32115941, en calidade de presidente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo

impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por máis de 50 asociacións, o que a converte nunha das entidades máis representativas das persoas con discapacidade de Galicia.

COGAMI ten como propósito conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, e como misión a defensa e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, a transformación social, o fortalecemento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en todo o territorio de Galicia.

Na busca da excelencia dos servizos prestados, COGAMI comezou no ano 2006 un proceso de implementación dun sistema de xestión da calidade que culminou coa obtención e mantemento na actualidade do SELO EXCELENCIA EUROPEA 400+ do modelo EFQM para o conxunto dos servizos da entidade.

Terceiro.- Proponse a celebración dun encontro con motivo do 35 aniversario da Organización, no que se darán cita unhas 800 persoas de toda a comunidade galega así como persoas relevantes do movemento asociativo das persoas con discapacidade a nivel estatal. Este evento terá lugar no edificio do Museo da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela o vindeiro 17 de outubro de 2025.

Entre os grupos de interese asistentes destacan representantes do movemento asociativo das persoas con discapacidade, persoas usuarias e profesionais de COGAMI, representantes das administracións públicas, colaboradores e voluntariado, así como o tecido empresarial galego.

Así e todo, este evento focalizarase especialmente nas persoas con discapacidade e os seus proxectos de vida, así como a necesidade de construír entre todas e todos unha sociedade máis inclusiva e libre de estereotipos e estigmas, na que as persoas con discapacidade poidan participar en igualdade de oportunidades en todos os ámbitos da sociedade.

No marco do mesmo terá lugar a entregados PREMIOS COGAMI, uns recoñecementos específicos a aquelas persoas e institucións que máis teñan contribuído ao avance na inclusión das persoas con discapacidade na nosa comunidade.

Os obxectivos que se pretenden acadar coa celebración deste evento son os seguintes:

- Visibilizar a discapacidade dende o prisma da inclusión e achegar valores positivos.
- Compartir cos principais grupos de interese os logros acadados nestes 35 anos, reforzando o sentimento de pertenza e a súa participación nos mesmos.
- Recoñecer publicamente ás persoas e/ou entidades que teñen contribuído significativamente á consecución dos avances acadados.
- Sensibilizar a cidadanía sobre as barreiras existentes e afianzar novas alianzas para asumir os retos do futuro.
- Posicionar Galicia como destino inclusivo tanto a nivel autonómico como estatal.

A celebración deste evento propiciará a mobilidade dun importante número de persoas tanto de Galicia como do resto de España, que con motivo da asistencia a esta relevante cita para o sector da discapacidade aproveitará esta viaxe para coñecer Santiago, degustar as nosas especialidades gastronómicas así como gozar da oferta de aloxamento e actividades dispoñibles tanto na capital de Galicia como na contorna.

Así mesmo, cómpre subliñar o impacto significativo que este evento propiciará na economía local, tanto polos ingresos xerados polas persoas asistentes ao evento como polo gasto en transporte, aloxamento e outros servizos relacionados coa propia organización do evento.

Ademais, o intercambio e a creación de redes de contactos que se xeran no marco do mesmo ten un relevante impacto a medio e longo prazo na industria e o crecemento económico de Galicia como destino inclusivo.

Por último, cómpre sinalar dous aspectos a destacar, a visibilización e a sensibilización. En canto ó primeiro hai que indicar que se difundirá a celebración deste encontro tanto en medios de comunicación como en redes sociais, co obxectivo de visibilizar esta importante cita para o sector da discapacidade en Galicia e propiciar a participación no mesmo. En canto á sensibilización, mediante a campaña EU DECIDO, que se desenvolverá ao longo de todo o ano, faranse visibles as demandas nos diferentes eidos que conforman os proxectos de vida de calquera persoa como: "crecer cos meus amigos", "vivir na miña casa", "ser autónomo", "formarme para atopar un emprego" ou "loitar polos nosos dereitos".

Cuarto.- Que as entidades consideran de mutuo interese a colaboración na actuación obxecto deste convenio porque contribúen a desenvolver actividades vinculadas a un turismo socialmente responsable e inclusivo. Por estas razóns, concorren para os efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública, ao tratarse da única iniciativa con tales características realizada na nosa Comunidade Autónoma, e ao ser a Confederación a única entidade organizadora da actuación obxecto da subvención, e ser ademais unha das entidades máis representativas das persoas con discapacidade en Galicia, constituída por máis de 50 asociacións.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en axuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto do presente convenio a o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para a celebración dun encontro con motivo do 35 aniversario da organización.

Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 74.035,97 € (IVE incluído), que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO	IMPORTE
Catering	20.856,00 €
Agasallos asistentes	9.501,39 €
Premios	5.000,00 €
Escenografía e técnica	30.268,58 €
Actuacións e música en directo	3.850,00 €
Presentadora	4.560,00 €
TOTAL	74.035,97 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 45.000,00 € (IVE incluído). Esta achega da Axencia só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que a COGAMI obteña beneficio ou lucro industrial algún coa devandita achega.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pago dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Terceira. Gastos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2025**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

Cuarta.- Compromisos das partes.

1. COGAMI como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** a través da Axencia de Turismo de Galicia.

Nos materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación deberán constar lendas relativas ao da Xunta de Galicia.

Igualmente, a entidade beneficiaria deberá incluír nas súas accións promocionais a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.

- Presentar, con anterioridade á firma do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia das obrigacións previstas no Título I da citada lei.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
- Todas as demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da achega establecida na cláusula segunda.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Axencia de Turismo de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sexta.- Compatibilidade.

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Confederación e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, na súa falta, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décima.- Xustificación do convenio e pagamento.

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa**, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca turística de Galicia.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Doutra banda, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

II. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado para as actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá ao pagamento da contía xustificada.

Con todo, non se entenderá incumplido o deber de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaron a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse

na xustificación o importe, a orixe e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pago.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao final dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

V. O importe correspondente ao IVE, xerado polos gastos que xeren os conceptos orzamentarios previstos na cláusula segunda, só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito para solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos de execución do convenio.

VI. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte de COGAMI e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2025**.

Décimo primeira.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% do importe que se obriga a achegar a Axencia de Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 63.1. Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo COGAMI deberá presentar as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá xuntar declaración de obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberá constituírse garantía correspondente aos pagamentos anticipados cando a súa contía acumulada supere os 18.000 €.

Décimo segunda.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na

forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo terceira.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. COGAMI será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décimo cuarta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo quinta.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo sexta. - Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Ao mesmo tempo, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenios as partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo oitava.– Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados

das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo novena.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E en proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director

Por COGAMI
O presidente

José Manuel Merelles Remy

Anxo Antón Queiruga Vila